



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### POLÍTICA DO SISTEMA DE CALIDADE NAS PRAIAS



CALIDAD TURISTICA

"O Concello de Foz implantou na praia de A Rapadoira un sistema de xestión de calidade e medio ambiente de acordo coa Norma UNE 187001 "Sistema de Xestión para praias", co fin de lograr a satisfacción de todos aqueles que visitan esta praia do municipio, dotandoa duns servizos de calidade.

Coa implantación deste sistema de xestión de calidade e medio ambiente, o Concello de Foz quere ofrecer ós seus visitantes un ecosistema protexido e cun elevado valor natural, así como uns servizos de calidade acordes ós requisitos das correspondentes normas.

O Concello comprométese a establecer os medios técnicos e económicos necesarios para frear a contaminación e previr na orixe, así como, previr e eliminar na medida do posible calquera impacto que poida causarse sobre o medio como consecuencia das súas actividades, eliminar calquera risco hixiénico-sanitario que poida surxir polo uso e disfrute da praia. Garante, á súa vez, un seguimento de todas aquelas actividades que se realicen no litoral establecendo mecanismos de mellora continua, en colaboración con todos os sectores do municipio, asegurando a evolución tanto na calidade ambiental do medio coma nos servizos prestados.

No desenvolvemento de todas aquelas actividades que se realicen no litoral de Foz o Concello comprométese a establecer iniciativas que aseguren o cumprimento das leis e regulamentos, ó mesmo tempo que as esixencias dos usuarios ou outros requisitos aplicables ás actividades que se desenvolven na praia. Ademais, pretende promover a participación de todo o persoal e usuarios na protección e mellora do litoral, mediante mecanismos de formación e sensibilización, incidindo na comunicación a todos os niveis.

Dende o Concello defínense e avalíanse periodicamente obxectivos de calidade e medio ambiente na praia de A Rapadoira co obxecto de impulsar a mellora continua nestas.

O litoral é un ben común, é por iso que dende o Concello queremos facer partícipes a todos os usuarios da praia de A Rapadoira, así como a todos aqueles que realizan as súas actividades nela, do presente proxecto, promovendo a súa colaboración, e buscando a satisfacción de todos aqueles que dun modo ou outro gozan das praias de Foz".

Foz, a 3 de Xuño de 2009

José María García Rivera  
Alcalde do Excmo. Concello de Foz